

SAÍDA

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12

13

14

15

16

17

18

21

20

19

22

28

27

26

25

24

23

29

30

31

Es unha **avelaiña**: a luz dun farol atráete e non podes fuxir dela. Fica aquí até que saques un 2 ou 5.

Es un **morcego**: atopas unha rúa sen luz. Usa este atallo para chegar á túa zona de caza.




Es unha **ave en migración**: a cidade pola que pasas apaga as luces para non distraerte do teu rumbo. Usa o atallo e mantente a salvo dos perigos da cidade.

Es unha **árbore**: os farois mantéñente esperta e segues facendo a fotosíntese. Salta unha rolda.

Es un dos poucos **morcegos** tolerantes á luz: hai moitas avelaiñas sabedoras atrapadas pola luz dun farol. Goza da cea e tira de novo o dado.

Es unha **ave en migración**: un rañaceo iluminado cégate tanto que chocas contra a súa fachada. Volve á SAÍDA e téntao de novo.

Es un **salmón** mozo: as luces brillantes da beiramar atráente por arte de maxia. Espera nesta casa até que o seguinte xogador te adiante.



A

B



C

D

E

F

Es unha **ave en migración**: desorientácheste coas luces da cidade e levas horas dando voltas. Agora cómpre descansar. Fai este desvío para atopar un lugar onde parar.



Es unha **garza real**: que sorte! Atopaches un estanque de xardín iluminado e podes capturar carpas mesmo despois do solpor! Volve a tirar o dado.

Es un **ourizo**: o teu xardín está iluminado. Salta unha quenda e agarda até que apaguen as luces.



Es un **ourizo**: mentres buscabas alimento atopaches un xardín sen luces artificiais. Colle este atallo.


Es un **ferreiriño azul**: a luz intensa pola mañá e pola noite faiche crer que chegou a primavera. Pos ovos antes de tempo mais non hai insectos abondo para alimentar todas as crías. Tira o dado outra vez e avanza e logo tira unha segunda vez e retrocede.



Es un **morcego**: o sensor de movemente dun xardín detecta a túa presenza. De súpeto, envóltece unha luz brillante, cégate e chocas cunha parede. Retrocede tres casas.

Es un **merlo**: as luces da rúa son tan brillantes que empezas a buscar comida antes do normal. Avanza tres casas.





Es un **escaravello peloteiro**: como o ceo brilla moito non podes ver a Vía Láctea que precisas para facer rodar a túa bola de esterco en liña recta. Fai un desvío.




Es un **sapo**: cegáronte os faros dun coche. Salta unha rolda.



Es un **anfípodo**: hai tanta luz que non te atreves a subir á superficie para alimentarte de algas. Tira o dado cada quenda, suma os números até chegar a dez e avanza os puntos sobrantes.


Es un **astrónomo**: o ceo brilla por culpa das luces das cidades afastadas e non podes ver as estrelas. Salta unha quenda até que a cidade se faga máis escura.




Es un **puma**: as luces da cidade asústante e camiñas na dirección equivocada. Sigue o desvío que che leva de volta até onde viñeches.



Es un **rato**: con tanta luz tes medo de que te colla unha curuxa. Agarda unha quenda até que a cidade se faga máis escura.



Es unha **curuxa**: o resplandor do ceo da cidade veciña axúdache a cazar ratos. Tira outra vez o dado.



Es unha **pardela**:
hoxe é o teu primeiro voo! Debía guiarte a luz da Lúa, mais as luces do porto atráente á costa. Só podes seguir adiante se te atopa un grupo ecoloxista, cousa que só ocorre se sacas un 3 ou 4.



Es unha **ecoloxista**:
Parabéns! A túa campaña contra a contaminación luminosa tivo éxito e moitos edificios xa non están iluminados. A túa próxima tirada conta dúas veces!




CHEGADA

Es unha **foca**: esta noite a iluminación da ponte está apagada para que poidas durmir ben. Avanza catro casas.



Es unha **lura**: as luces brillantes dun barco pesqueiro atráente dende o fondo. Tes sorte de escapar, mais ficas lonxe da casa.



Es unha **tartaruga mariña bebé**: as construcións da praia brillan máis ca o océano e por culpa diso arrástraste na dirección equivocada. Só podes seguir adiante se te atopa un grupo ecoloxista. Para que isto ocorra debes sacar un 6 ou 1.



Es unha **ave limícola**: como a praia está iluminada tes máis tempo para buscar vermes. Tira de novo o dado.

